



AS FACIANAS DAS LETRAS GALEGAS



INTRODUCCIÓN

ORIXE DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

A [historia](#) do Día das Letras Galegas, comeza formalmente en marzo de 1963 instituído pola *Real Academia Galega* –RAG–, para distinguir ás figuras que destacan pola súa creación literaria en galego e pola defensa da nosa lingua.

A data de celebración deste evento, o [17 de maio](#), débese a que en tal día como ése, en 1863, publicábase o primeiro exemplar da obra [Cantares gallegos](#), de [Rosalía de Castro](#), que marcaría o inicio do "[Rexurdimento](#)" ou renacemento cultural da lingua galega.

Coincidindo co centenario da publicación, tres membros da Academia – *Francisco Fernández del Riego, Xesús Ferro Couselo y Manuel Gómez Román*–, enviaron ao Presidente da institución –*Sebastián Martínez Risco*– unha carta na que se propuña consagrar, con carácter perdurable, o valor simbólico da data 17 de maio a través dunha celebración anual. Aprobada a iniciativa no seo da RAG, solicitouse ao Ministerio de Información e Turismo a autorización para levala a cabo, obtendo unha resposta favorable.

No seu primeiro ano, o Día das Letras Galegas estivo adicado, á figura de Rosalía de Castro, promovéndose pola institución académica numerosos actos de homenaxe á autora e á súa obra, a maioría deles na cidade da Coruña. O significado e alcance da festividade foron extraordinarios, non só nos círculos literarios senón tamén nos ambientes populares. Actualmente é día festivo na nosa Comunidade Autónoma.

Desde esa data, adícase o 17 de maio de cada ano, a unha figura destacada da cultura galega, elixida en Xunta Ordinaria pola RAG coa única salvedade de que un autor ten que cumprir tres requisitos para ser candidato ao Día das Letras Galegas:

1. Ter unha obra literaria relevante escrita en galego:
2. Levar dez anos ou máis finado.
3. Ter o apoio de polo menos tres membros da Real Academia Galega – [RAG](#)–.

Unha vez cumpridos os requisitos, o plenario da RAG, tras un debate interno, escolle a figura homenaxeada e o presidente anuncia o seu nome a comezos do mes de xullo.


Dende a instauración desta data cultural, soamente en 1998 houbo unha adicación conxunta aos poetas medievais, [Martín Codax](#), [Xohán de Cangas](#) y [Mendinho](#), famosos polas súas [cantigas](#).

Neste documento imos facer un breve percorrido pola vida e obra das figuras homenaxeadas dende Rosalía de Castro en 1963 ata Roberto Vidal Bolaño en 2013. Esperamos que sexa do voso agrado e que vos serva para entender o porqué desta celebración.

Este ano ademais conmemórase o 150 Aniversario da publicación de “Cantares Galegos” de Rosalía de Castro.





1963 ROSALÍA DE CASTRO




- Rosalía de Castro naceu en Santiago de Compostela no ano 1837.
- Foi poetisa e [novelista](#) que escribiu tanto en [lingua galega](#) como en [lingua española](#).
- Foi unha das figuras do Rexurdimento Galego.
- Está considerada como a precursora da poesía española moderna.
- Entre a súa obra, sinalamos: " Cantares Gallegos" (1863), "Follas Novas"(1880) e "En las orillas del Sar" (1884).
- Finou en Padrón en 1885.

1964 ALFONSO RODRIGUEZ CASTELAO





- **Alfonso Daniel Rodríguez Castelao naceu en Rianxo no ano 1886.**
- **Foi político, escritor, pintor, médico e debuxante.**
- **Foi un dos fundadores da Revista Nós, membro da Real Academia Galega e un dos pais do nacionalismo galego.**
- **Entre a súa obra, sinalamos: “[Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto](#)” (1922), “[Cousas](#)” (1926, 1929), “[As cruces de pedra na Bretaña](#)” (1930), “[Os dous de sempre](#)” (1934), “Retrincos” (1934), “Sempre en Galiza” (1944), [Os vellos non deben de namorarse](#) (obra teatral representada en 1941, publicada en 1953), [As cruces de pedra na Galicia](#) (1950).**
- **Finou en Bos Aires (Arxentina) en 1950.**

1965 EDUARDO PONDAL ABENTE




- **Eduardo Pondal Abente naceu en Ponteceso no ano 1835.**
- **Foi médico, pero deixou a súa profesión e dedicouse á poesía.**
- **Pondal era famoso polo seu nariz, era fociñado. Tanto que el mesmo se mofaba.**
- **Entre a súa obra, sinalamos: “[A Campana de Anllóns](#)” (1962),
“[Rumores dos pinos](#)” (1877) e “[Queixumes dos pinos](#)” (1886).**
- **Finou en A Coruña en 1917.**

1966 FRANCISCO AÑÓN PAZ




- **Francisco Añón Paz naceu en Outes no ano 1812.**
- **Foi un dos grandes pioneiros do Rexurdimento.**
- **Foi periodista e poeta galego que escribía poesía en español, galego e portugués.**
- **Participou na Revolución Galega de 1846 e tivo que fuxir a Portugal. Viaxou tamén a Francia e Italia. En 1861 estudou Periodismo en Madrid e algúns anos máis tarde viviu de novo en Portugal.**
- **Non publicou ningún libro.**
- **Entre os seus poemas destaca o “Himno a Galicia”.**
- **Ata 1920 algúns dos seus versos non foron publicados.**
- **Finou en Madrid en 1878.**

1967 MANUEL CURROS ENRÍQUEZ





- **Manuel Curros Enríquez naceu en Celanova no ano 1851.**
- **É xunto con Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, o gran referente do denominado "Rexurdimento" da literatura galega de finais do século XIX.**
- **Estudou dereito en Madrid.**
- **Estivo exiliado en Londres no ano 1870 a causa dun escrito de carácter político.**
- **Entre as súas obras sinalamos: “Cartas do norte” (1876), “A Virxe de Cristal” (1877), “Aires da miña Terra” (1880), “O Divino Sainete” (1888).**
- **O libro “Aires da miña Terra”, publicado en 1880, foi denunciado polo bispo de Ourense, acusándoo de atacar varios dogmas da relixión católica.**
- **Emigra a Cuba en 1884 onde colaborou coa prensa.**
- **Finou na Habana en 1908.**

1968 FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS



- **Florentino López Cuevillas naceu en Ourense no ano 1866.**
- **Foi membro da Xeración Nós, das Irmandades da Fala, do Seminario de Estudos Galegos e da Real Academia Galega.**
- **Ademais do labor de investigación da nosa prehistoria (estudou o megalitismo e a cultura castreña), foi notable prosista e ensaísta.**
- **Entre as súas obras sinalamos: “Prehistoria Galega” (), “Idade de ferro na Galiza” (1925-1956), “Prosas galegas” (1920- 1958).**
- **Finou en Ourense en 1958.**

1969 ANTÓN NORIEGA VARELA





- **Antón Noriega Varela naceu en Mondoñedo no ano 1869.**
- **Foi mestre, periodista e poeta.**
- **Foi representante poético das Irmandades da Fala.**
- **A raíz da súa obra “Montañesas”, é coñecido como o poeta da montaña. Contou nos seus poemas as cousas humildes e sinxelas que enmarcan a vida labrega.**
- **Entre as súas obras sinalamos: “Montañesas” (1910), “A virxe e a paisanaxe” (1913), “De Ruada”, “Do Ermo” (1947).**
- **Finou en Viveiro en 1947.**

1970 MARCIAL VALLADARES NÚÑEZ




- Marcial Valladares Núñez naceu en Villancosta, A Estrada (Pontevedra) no ano 1821.
- Coursou a carreira de Dereito na [Universidade de Santiago de Compostela](#), dedicándose simultaneamente ao periodismo, á política e á literatura.
- É autor da primeira novela moderna en lingua galega, “[Maxina ou a filla espúrea](#)”.
- Entre as súas obras sinalamos: “Diccionario Galego - Castelán” (1884), “[Maxina ou a filla espúrea](#)” (1890), “Elementos de gramática galega” (1892).
- Finou en Villancosta, A Estrada (Pontevedra) no ano 1903.

1971 GONZALO LÓPEZ ABENTE





- **Gonzalo López Abente naceu en Muxía no ano 1878.**
- **Escritor en lingua galega, cultivou o periodismo, a narrativa e o teatro.**
- **Foi membro das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos.**
- **Entre as súas obras sinalamos: “Escumas da Ribeira” (1913), “[Alento](#) de raza” (1918), “O deputado da beiramar” (1919), “O novo Xuíz” (1922), “Do outono” (1924), “Buserama” (1925), “Fuxidos” (1926), “Nemancos” (1929).**
- **Finou en Muxía no ano 1963.**

1972 VALENTÍN LAMAS CARVAJAL




- **Valentín Lamas Carvajal naceu en Ourense no ano 1849.**
- **Debido a unha enfermidade ocular quedou cego.**
- **Foi un dos precursores do Rexurdimento e un dos fundadores da Real Academia Galega. Foi un dos iniciadores do periodismo en galego. Dirixiu a revista La Aurora de Galicia e do periódico El Eco de Orense.**
- **Entre as súas obras sinalamos: “Cartas aos galegos” (1872), “Espiñas, follas e flores” (1875), “Saudades galegas” (1880), “O catecismo do labrego” (1889), “A musa das aldeas” (1890).**
- **O Catecismo do labrego é o libro máis vendido de toda a bibliografía galega.**
- **Finou en Ourense no ano 1906.**

1973 MANUEL LAGO GONZÁLEZ





- **Manuel Lago González naceu en Tui no ano 1865.**
- **Eclesiástico. Foi bispo de Osma, de Tui e arcebispo de Santiago de Compostela.**
- **Exerceu de profesor de Teoloxía, grego e hebreo no Seminario de Santiago de Compostela.**
- **Publicou gran cantidade de poesías. Unha selección delas figura na edición de «Os estudantes ao arcebispo de Santiago» datada en 1924. Dez anos despois apareceron tamén composicións escritas por el en «Homenaxe ao arcebispo Lago González», «Fror Nova» e «O neno Xesús»**
- **Finou en Santiago de Compostela no ano 1925.**

1974 XOÁN VICENTE VIQUEIRA




- Xoán Vicente Viqueira naceu en Madrid no ano 1886.
- En 1911 licenciouse en filosofía pola Universidade de Madrid e ampliou estudos en [Alemaña](#) ata 1914.
- Foi membro das Irmandades da Fala e colaborou no periódico A Nosa Terra.
- Escribiu en castelán obras sobre filosofía, psicoloxía e pedagogía como «Introducción a la Psicología pedagógica», «Elementos de Ética».
- Os seus traballos en galego foron recollidos nun libro póstumo que leva por título “Ensaíos e Poemas” (1930).
- Finou en Bergondo no ano 1924.

1975 XOÁN MANUEL PINTOS





- **Xoán Manuel Pintos naceu en Pontevedra no ano 1811.**
- **Traballou como avogado en Pontevedra, onde desenvolveu unha gran actividade literaria e periodística.**
- **Nos seus escritos mostrou unha gran preocupación polo estudio e recuperación do idioma galego.**
- **Está considerado un dos precursores do Rexurdimento literario galego.**
- **A súa actividade poética comeza en 1844 co romance “A entrada do Sr. Arcebispo”. En 1846 publicou o poema “Contos da aldea” no periódico El Circulador. En 1853 publicou A Gaita Gallega. Ademais destas composicións, escribiu vintedous poemas máis que foron publicados en distintos periódicos como El País, El Heraldo Gallego, La Caridad, El Desengaño, etc. Ademais escribiu un “Breve Dicionario Gallego” con unhas 6.000 entradas.**
- **Finou en Vigo no ano 1876.**

1976 RAMÓN CABANILLAS ENRÍQUEZ




- **Ramón Cabanillas Enríquez naceu en Cambados no ano 1876.**
- **Traballou como avogado en Pontevedra, onde desenvolveu unha gran actividade literaria e periodística.**
- **Nos seus escritos mostrou unha gran preocupación polo estudio e recuperación do idioma galego.**
- **Foi membro das Irmandades da Fala e colaboro no periódico A Nosa Terra.**
- **A súa actividade poética comeza en 1844 co romance “A entrada do Sr. Arcebispo”. En 1846 publicou o poema “Contos da aldea” no periódico El Circulador. En 1853 publicou A Gaita Gallega. Ademais destas composicións, escribiu vintedous poemas máis que foron publicados en distintos periódicos como El País, El Heraldo Gallego, La Caridad, El Desengaño, etc. Ademais escribiu un “Breve Diccionario Gallego” con unhas 6.000 entradas.**
- **Finou en Santiago de Compostela no ano 1959.**

1977 ANTÓN VILAR PONTE



- **Antón Vilar Ponte naceu en Viveiro no ano 1881.**
- **Estudou Farmacia na Universidade de Santiago.**
- **Viaxou a Cuba onde se dedicou ó periodismo.**
- **Ao volver de Cuba colaborou con Ramón Cabanillas en “O Mariscal”, promoveu Irmandades da Fala e creou e dirixiu a revista A Nosa Terra.**
- **Entre a súa obra sinalamos obras teatrais “A patria do labrego” (1905), “Entre dous abismos” (1920) e “Almas mortas” (1922); ensaio O sentimento liberal na Galiza, Os nosos valores, Do cosmopolitismo e Do universalismo e da mansedume galega.**
- **Finou en A Coruña no ano 1936.**

1978 ANTÓN LÓPEZ FERREIRO



- **Antón López Ferreiro naceu en Santiago no ano 1837.**
- **Seguiu a carreira eclesiástica e no ano 1871 foi nomeado canónico do cabildo compostelano.**
- **Deixou tres novelas históricas: “A tecedeira de Bonaval” (1894), “O Castelo de Pambre” (1895), “O niño de pombas” (1905).**
- **Realizou traballos de investigación dos que destacamos: “El Sepulcro del apóstol Santiago” (1872), “Leyenda sobre la vida de San Pedro de Mezonzo” (1872), “El Pórtico de las Platerías” (1884) y “El Pórtico de la Gloria (1886)”.**
- **Finou en Santiago de Compostela no ano 1910.**

1979 MANUEL ANTONIO PÉREZ SÁNCHEZ




- **Manuel Antonio Pérez Sánchez naceu en Rianxo no ano 1900.**
- **Os seus primeiros poemas aparecen na revista Suevia de Santiago en 1918. Colabora co periódico La Redención, de Padrón e escribe un soneto de carácter social titulado “O sol da liberdade”.**
- **No 1922 publica na revista Alborada o manifesto “Mais Alá” e termina o libro de poemas “Sempre e mais despois”, que non chegará a publicarse en vida. No 1928 publícase o libro “De catro a catro”. Nese mesmo ano deixa redactado un corto número de poemas baixo o título Viladomar.**
- **As coleccións de poemas non publicadas foron agrupadas polo propio poeta cos seguintes títulos: “Con anacos do meu interior”, recolle composicións de 1921-22, “Foulas” de 1922-24 e “Sempre e mais despois”, que agrupa a produción posterior a 1928**
- **.Finou en Rianxo no ano 1929.**

1980 ALFONSO X O SABIO





- **Alfonso X o Sabio naceu en Toledo no ano 1221.**
- **Foi rei de Castela e León.**
- **Escribiu poesía en lingua galega.**
- **Realizou 453 composicións, entre as que abundan as de "escarnio" vertidas nunha linguaxe paródica ou insolente que recorre a veces á ironía mordaz, aválano como o primeiro lírico en lingua galega.**
- **Escribiu 420 cancións que compoñen las Cantigas de Santa María, dedicadas a enaltecer os Miragres da Virxe.**
- **Entre as súas obras sinalamos: “Cantigas de Escarnio e Maldizer”, “Cantigas de Santa María”, “Cantigas de amor”, “As sete partidas” e “Grande e General Estoria”.**
- **Finou en Sevilla no ano 1284.**

1981 VICENTE MARTÍNEZ – RISCO E AGÜERO





- Vicente Martínez – Risco e Agüero naceu en Ourense no ano 1881.
- Estudou dereito e maxisterio, foi funcionario de facenda e catedrático de historia en Ourense.
- Foi un político [galeguista](#) conservador e [intelectual](#) membro da [Xeración Nós](#).
- Entre as súa obra sinalamos: “Do caso que lle aconteceu ó Dr. Alveiros” ([1919](#)), “[O Porco de Pé](#)” ([1925](#)), “A velliña vella” ([1925](#)), “A trabe de ouro e a trabe de alquitrán” ([1925](#)), “O lobo da xente” ([1925](#)), “A coutada” ([1926](#)), “O bufón de El Rei” ([1928](#)), “Nós, os inadaptados” ([1933](#)), “Mitteleuropa” ([1934](#)).
- Falece en Ourense no ano 1963.

1982 LUIS AMADO CARBALLO




- **Luis Amado Carballo naceu en Pontevedra no ano 1901.**
- **Cursou estudos de Filosofía e Letras en [Santiago de Compostela](#), pero sen chegar a finalizalos.**
- **Exerceu como mestre de escola e xornalista.**
- **Foi poeta e narrador.**
- **Nos seus poemas humaniza tódalas cousas: os camiños, as árbores, as pontes falan, cantan, usan montera...**
- **Entre a súa obra sinalamos: “Maliaxe” (1922), “Os pobres de Deus” (1925), “Proel” (1927), “O galo” (1928), “Obras en prosa e verso” (1970).**
- **Finou en Pontevedra no ano 1927.**

1983 MANUEL LEIRAS PULPEIRO





- **Manuel Leiras Pulpeiro** naceu en Mondoñedo no ano 1854.
- De profesión médico,foi un poeta case inédito.
- No 1910 recibiu un premio en un certamen poético en Vigo polo seu poema **Un galo**.
- Un ano antes de morrer publicou **Cantares Gallegos (1911)**, un breve volume que contén 244 cántigas de catro versos.
- No 1970 o estudoso Franco Grande publica en Galaxia a obra completa de Leiras que consta de: “**Cantares Gallegos**”, “**Cantares inéditos**”, son 58 cantigas. “**Frases, adiviñanzas, adagios y cantares**” e “**Un extenso vocabulario**”.
- Finou en Pontevedra no ano 1912.

1984 ARMANDO COTARELO VALLEDOR





- **Nado en Vegadio (Asturias) en 1879. Lingüística e culturalmente sempre se considerou galego.**
- **Escritor, historiador e crítico literario.**
- **Foi un importante propulsor do teatro galego: "Trebón" (1922), "Sinxebra"(1923), "Lubicán" (1924), "Hostia" (1926), "Beiramar" (1931) e "Mourenza" (1931).**
- **Foi un dos fundadores e o primeiro presidente do "Seminario de Estudos Galegos" sinalando algunhas normas para a unificación do noso idioma.**
- **Faleceu en Madrid en 1950.**

1985 ANTÓN LOUSADA DIÉGUEZ



- **Nado en Boborás (Ourense) en 1864.**
- **Foi un intelectual galeguista e escritor en lingua galega. Foi membro das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos. En 1920 fundou a revista "Nós" e foi a semente da "Xeración Nós".**
- **Non publicou libros, pero sí ensaios sobre temas diversos: "Os camiños do agrarismo galego", "Observación encol da prosa galega", e "A significación profunda do galeguismo".**
- **Finou en Pontevedra en 1929.**

1986 AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO




- **Naceu en Abadín (Lugo) en 1909**
- **Foi profesor, escritor, poeta e tradutor español en galego e castelán. Foi membro da Real Academia Galega.**
- **Entre as súas obras líricas: "Señarda"(1930), "Corazón ao vento"(1933), "Cómaros verdes"(1947), "De día a día" (1960), "Nenias" (1961) e "Lanza de soledá" (1961).**
- **"Cómaros verdes" (1947) foi o primeiro libro editado en galego despois da Guerra Civil.**
- **Finou en Santiago de Compostela en 1961.**

1987 FRANCISCA HERRERA GARRIDO




- **Naceu na Coruña en 1869**
- **Entre as súas obras: "Sorrisas e bágoas" (1913), "Almas de muller... ¡Volallas de luz!"(1915),"Frores do noso paxareco"(1919), "Néveda" (1920)**
- **Foi a primeira muller elixida membro da Real Academia Galega, aínda que morreu sen chegar a ler o discurso de ingreso.**
- **Finou na Coruña en 1950.**

1988 RAMÓN OTERO PEDRAYO




- **Naceu en Trasalba (Ourense) en 1888.**
- **É considerado un dos patriarcas das letras galegas, creador dunha vasta e plural obra literaria e ensaística e a gran figura da oratoria en Galicia.**
- **Entre as súas obras: "Os camiños da vida" (1928), "Pelerinaxes" (1929), "Arredor de sí" (1930), "Contos do Camiño" (1932), "Ensaio histórico da cultura galega" (1933), "Polos vieiros da saudade" (1952), "O libro dos amigos" (1953), "O espello no serán" (1966).**
- **Integra xunto con Vicente Risco, Castelao e Lousada Diéguez o Grupo Nós.**
- **Finou en Ourense en 1976.**

1989 CELSO EMILIO FERRREIRO




- **Naceu en Celanova (Ourense) en 1912.**
- **Foi escritor e político. Escribiu prosa e poesía en galego e castelán, destacando na súa poesía en galego, o fondo contido social.**
- **Entre a súas obras destaca a biografía de Curros Enríquez (1964). Pero foi a poesía a que lle deu a súa fama de grande escritor: "Cartafol de poesía" (1935), "O sono sulagado"(1954), "Longa noite de pedra" (1962), "Viaxe ao país dos ananos" (1968) e "Onde o mundo se chama Celanova" (1975)**
- **O seu libro "Longa noite de Pedra" que reflicte a angustia do home a quen lle rouban a liberdade, constituíu o máis espectacular éxito da posguerra.**
- **Finou en Vigo en 1979.**

1990 LUIS PIMENTEL





- **Luis Benigno Vázquez Fernández naceu en Lugo en 1895**
- **Foi médico e poeta que escribiu en galego e castelán.**
- **As súas obras máis salientables son : "Triscos" (1950) e "Sombra do aire na herba" (1959 póstuma) en galego e "Barco sin luces" (1960 póstuma) en castelán.**
- **É un dos poetas máis salientables da poesía do século XX.**
- **Finou en Lugo en 1958.**

1991 ÁLVARO CUNQUEIRO




- **Naceu en Mondoñedo (Lugo) en 1911.**
- **É un dos grandes autores da literatura galega. Foi novelista, poeta, dramaturgo, xornalista e gastrónomo. Foi membro da Real Academia Galega.**
- **As súas obras máis salientables son: "Cantiga nova que se chama Riveira" (1933), "Merlín e familia" (1955), "Crónica do Sochantre" (1956), "Escola de Menciñeiros" (1960), "Xente de aquí e dacolá"(1971), "Herba aquí e acolá"(1980).**
- **Deixou escrito no seu epitafio: " Eiquí xaz alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveras máis" e "Loubado seña Deus que me permitiu facerme home neste grande Reino que chamamos Galicia"**
- **Finou en Vigo en 1981.**

1992 FERMÍN BOUZA BREY




- **Naceu en Ponteareas (Pontevedra) en 1901.**
- **Foi historiador, etnógrafo, escritor e poeta. Foi un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos, colaborador da Revista Nós e membro da Real Academia Galega.**
- **Co libro "Nao Senlleira" (1933) inaugurou a poesía chamada neotrovadoresca. Outra das súas obras é "Seitura" (1955).**
- **Finou en Santiago de Compostela en 1973.**

1993 EDUARDO BLANCO AMOR





- **Naceu en Ourense en 1897.**
- **Aínda que fixo poesía e teatro, a súa grande aportación á literatura galega está nas narracións que evocan o Ourense da súa infancia.**
- **As súas principais obras son: "A esmorga" (1959), "Os biosbardos" (1962) e "Xente ao lonxe" (1972)**
- **Emigrou a Bos Aires en 1919 onde fundou e participou en varias revista galeguista e na fundación e dirección do Teatro Popular Galego.**
- **Faleceu en Vigo en 1979.**

1994 LUIS SEOANE





- Naceu en Bos Aires en 1910 no seo dunha familia de emigrantes que regresou a Coruña en 1916.
- Foi debuxante, pintor, gravador e escritor de poesía, teatro e narrativa.
- Entre as súas obras en castelán: "El irlandés astrólogo" e "Tres hojas y un ajo verde" (1948). En galego: "Fardel d' eisilado" (1952), "Na brétema Santiago" (1956), "As cicatrices" (1959) e "A maior abundamento".
- Co estalido da Guerra Civil en 1936 marcha a Bos Aires onde estivo exilia
- do durante 27 anos. É un dos máximos representantes do exilio galego da Guerra Civil.
- Ilustra libros de varios amigos como Álvaro Cunqueiro.
- Finou na Coruña en 1979.

1995 RAFAEL DIESTE




- **Naceu en Rianxo (Coruña) en 1899.**
- **Foi un autor bilingüe en galego e castelán que escribiu teatro, ensaio e narrativa. Foi membro do Seminario de Estudos Galegos e da Real Academia Galega.**
- **As súas obras máis importantes en galego son: "Dos arquivos do trasno" (1926) e "A fiestra valeira" (1927). En castelán ten especial importancia "Historias y aventuras de Félix Muriel" (1943)**
- **Cos seus contos e pezas de teatro tentou modernizar o sistema literario galego afastándoo do ruralismo.**
- **Finou en Santiago de Compostela en 1981.**

1996 XESÚS FERRO COUSELO




- **Naceu en Valga (Pontevedra) en 1906.**
- **Foi investigador, historiador e ensaísta adicado o estudo de temas galegos.**
- **Escribiu "Vida e fala dos devanceiros" (1967), "O Deus Bandua da Veiga"(1956), "Cómo e por qué os escribanos deixaron de empregar o galego"(1958)**
- **A el debemos o espléndido museo arqueolóxico provincial de Ourense.**
- **Colaborou co Seminario de Estudos Galegos, foi membro da Real Academia Galega e xunto con outros asinantes propón instituír a data do 17 de Maio como o Día das Letras Galegas.**
- **Finou en Ourense en 1975.**

1997 ANXEL FOLE




- **Naceu en Lugo en 1903**
- **Escrebiu en galego e castelán e cultivou tódolos xéneros literarios: narrativa, poesía, teatro e ensaio.**
- **Participou na fundación da editorial Galaxia e foi membro da Real Academia Galega.**
- **É un dos grandes creadores do conto galego: "A lus do candil" (1953), "Terra Brava" (1955), "Contos da néboa" (1975) e "Historias que ninguén cre" (1985).**
- **Finou en Lugo en 1986.**

1998 JOHAN DE CANGAS, MENDINHO E MARTIN CODAX




- Son tres egrexios representantes da valiosísima literatura galego-portuguesa dos nosos cancioneros.
- **JOHAN DE CANGAS:** xograr procedente probablemente de Vigo ou Redondela viviu entre o século XIII e o XIV. Conservase só unha única cantiga:" Sediam´ eu na ermida de San Simón"
- **MENDINHO:** trovador do século XIV probablemente procedente da zona do Morrazo. Del conservamos tres cantigas de amigo do subxénero de romaría sobre o Santuario de San Mamede.
- **MARTÍN CODAX:** Xograr que viviu entre o século XIII e XIV procedente probablemente de Vigo. As súas sete composicións poéticas están recollidas coa súa notación musical orixinal.

1999 ROBERTO BLANCO TORRES




- **Naceu en Cuntis (Pontevedra) en 1891.**
- **Foi un extraordinario xornalista colaborador asiduo da prensa galega e director de varios xornais, notable poeta e político galego.**
- **A súa obra máis importante é "Orballo de media noite" (1929)**
- **Vítima da Guerra Civil, estivo na cadea e morreu fusilado en 1936 en Entrimo (Ourense) pola súa actividade política contraria ao réxime.**

2000 MANUEL MURGUÍA




- **Nado en Arteixo (Coruña) en 1833.**
- **Foi historiador, novelista e poeta.**
- **Pertence o grupo de historiadores románticos galegos que reivindica os dereitos históricos de Galicia.**
- **Foi presidente da Real Academia Galega dende a súa fundación en 1905 ata a súa morte.**
- **Obras: "Historia de Galicia" 5 tomos publicados dende 1865 ata 1911, "Os precursores" (1885), "Diccionario de escritores gallegos".**
- **Casou con Rosalía de Castro e animouna a realizar a súa obra en galego.**
- **Falece na Coruña en 1923**

2001 ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ





- **Naceu en San Clodio, concello de Leiro (Ourense) en 1864.**
- **Foi un destacado poeta premiado nos máis prestixiosos certames do país.**
- **Obras: "Folerpas" (1894), "Raza e terra" (1921), "Oraciós campesiñas" (1927) e o "Diccionario enciclopédico gallego-castellano" (póstumo)**
- **Foi un dos corenta fundadores da academia galega sendo o seu presidente dende 1926 a 1934.**
- **Finou na Coruña en 1949.**

2002 FREI MARTÍN SARMIENTO



- **Pedro Xosé García Balboa naceu en Vilafranca do Bierzo (León) en 1695.**
- **Con 15 anos marcha a Madrid a ingresar na orde de San Bieito.**
- **Foi un relixioso loitador pola súa terra que se centrou no análise da lingua galega.**
- **Entre a súa extensa obra, sinalamos: "Onomástico etimológico de la lengua gallega" (1958-69), "Elementos etimológicos siguiendo el método de Euclides y sobre el origen de las lenguas"(1766), "Catálogo de voces y frases de la lengua gallega".**
- **Finou en Madrid en 1772.**

2003 AVILÉS DE TARAMANCOS




- **Xosé Antonio Avilés Vinagre naceu en 1935 na aldea de Taramancos, Noia (Coruña).**
- **Foi un importante poeta galego.**
- **Entre as súas obras destacan: "A morada do vento"(1955), "O tempo no espello" (1982), "Cantos Caucanos" (1985), "Nova crónica das Indias"(1992), "As torres do ar" (1989) e "Última fuxida a Harar" (póstuma 1992).**
- **Publicou o seu primeiro poema aos 15 anos.**
- **Finou en Noia en 1992.**

2004 XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ




- **Naceu en Ourense en 1907.**
- **Máis coñecido por “Xocas”.**
- **Historiador e escritor en lingua castelá e galega.**
- **Foi membro do Grupo Nós, do Seminario de Estudos Galegos, da Real Academia Galega e presidente do Patronato do Museo do Pobo Galego.**
- **Interesouse principalmente pola etnografía e o folcklore galego. As súas principais obras son: “Etnografía. Cultura material”, “Vellas artes de pesca no río Miño”, “A casa”, “Distribución dos xugos na Galiza”, “Metamorfosis dunha casa castrexa”, “Cantigueiro popular da Baixa Limia”.**
- **Falece en Ourense en 1989.**

2005 LORENZO VARELA




- Naceu en 1916 nun barco no que viaxaban os seus pais a Cuba. Os seus pais eran orixinarios de Monterroso (Lugo).
- Escritor e poeta galego que viviu a meirande parte da súa vida no exilio.
- As súas obras máis destacadas son “Torres de Amor”(1942), “Catro Poemas para catro gravados” (1944), “Lonxe” (1954).
- Os seus tres libros están ilustrados por Luis Seoane.
- Finou en Madrid en 1978.

2006 MANUEL LUGRIS FREIRE




- **Naceu en Sada (Coruña) en 1863.**
- **Escritor e galeguista, foi director e cofundador das Irmandades da Fala, da Real Academia Galega e do Partido Galeguista.**
- **Escrebiu poesía, teatro e contos. Obras destacadas: “Soidades” (1894), “Noitebras” (1901), “A Ponte” (1903), “Mareiras” (1904), “As Mariñas de Sada” (1928) e “Contos de Aseumedre” .**
- **Falece na Coruña en 1940.**

2007 MARÍA MARIÑO





- **María Mariño Carou naceu en Noia (Coruña) en 1907.**
- **Foi una poeta galega que escribiu en lingua galega e en castelán.**
- **As súas obras máis destacadas son: “Palabra no tempo” (1963) e “Verba que comeza” (1990 póstuma).**
- **Falece en Parada do Caurel en 1967.**

2008 XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ





- **Nado en Tui (Pontevedra) en 1915.**
- **Escrebiu en galego poesía, relatos e ensaios: “Os ruíns” (1936), “A pega rabilongo e outras historias de tesouros “ (1971), “Poemas de ti e de min” (1949), “Roseira do teu mencer” (1950), “Cancioneiro de Monfero” (1953) e “Escolma de poesía medieval” (1975)**
- **En 1962 ingresou na Real Academia Galega e fundou a Editorial Castrelos en 1964.**
- **Falece en Vigo en 1985.**

2009 RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ




- **Nado en Láncara (Lugo) en 1915.**
- **Foi un intelectual e político galego.**
- **Trátase dunha das figuras históricas do galeguismo do século XX, clave para acadar a continuidade deste trala Guerra Civil (motivo polo cal estivo encadeado entre 1946-49).**
- **Foi un dos fundadores e primeiros directores da editorial Galaxia e da revista Grial.**
- **Entre as súas obras destacan: “La Saudade, ensayos” (1953), “Significado metafísico da saudade, notas para una filosofía galego-portuguesa” (1954), “Filosofía da saudades” (1984).**
- **Como intelectual foi un dos fundadores da editorial Galaxia e da revista Grial.**
- **Finou en Santiago de Compostela en 1990.**

2010 UXÍO NOVONEYRA




- Uxío Novoneyra naceu en O Courel no ano 1930.
- Foi un poeta e escritor de contos infantiles en galego e castelán.
- Entre a súa obra sinalamos: “Abrojos” ([1948](#)), “Os eidos” ([1955](#)), “Os eidos 2. Letanía de Galicia e outros poemas” ([1974](#)), “Poemas caligráficos” ([1979](#)) “Os Eidos. Libro do Courel” ([1981](#)), “Muller pra lonxe” ([1987](#)), “Do Courel a Compostela”([1988](#)), O cubil de Xabarín ([1990](#)), Tempo de elexía ([1991](#)), “Gorrión e Cabezón” ([1992](#)), “Poemas de doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras” (1994), “Betanzos: Poema dos Caneiros e Estampas” ([1998](#)), “Dos soños teimos os Noitarenga”, “ Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín” ([1998](#) ,) Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas ([1999](#)).
- Falece en Santiago de Compostela no ano 1999.

2011 LOIS PEREIRO



- **Lois Pereiro naceu en Monforte de Lemos no ano 1958.**
- **Escritor e poeta, fundou en Madrid a revista Loia con Antón Patiño, Manuel Rivas e os seu irmán Xosé Manuel Pereiro.**
- **Entre as súas obras sinalamos: “Poemas”(1992), Poesía última de amor e enfermidade (1995), “Poemas para unha Loia” (1997), “Conversa ultramarina” (2010), “Náufragos do Paradiso” (2011), “Antoloxía” (2011), “Modesta proposición e outros ensaios” (2011), “Obra poética completa” (2011), Obra completa” (2011).**
- **Falece en Coruña no ano 1996.**

2012 VALENTÍN PAZ ANDRADE



- **Valentín Paz Andrade naceu en Pontevedra no ano 1898.**
- **Foi un xurista, político, empresario, escritor, poeta e periodista galeguista.**
- **Escribiu ensaios literarios, históricos e económicos, nos que reflexou a súa preocupación polo progreso de Galicia. Tamén escribiu varias obras como técnico especializado en temas pesqueiros.**
- **Como poeta formou parte da chamada “Xeración de 1925”.**
- **Entre as súas obras destacamos: “Soldado da morte”(1921), “Pranto matricial” (1954), onde evoca a morte de Castelao e que foi reeditada en 5 idiomas, “Sementeira do vento” (1968), “Cen chaves de sombra” (1979) e “Cartafol de homenaxe a Ramón Otero Pedrayo (1986).**
- **Falece en Vigo no ano 1987.**

2013 ROBERTO VÍDAL BOLAÑO



- Roberto Vidal Bolaño naceu en Santiago de Compostela no ano 1950.
- Foi un escritor e actor de teatro. Ademais destacou como director, escenógrafo e iluminador..
- Representacións destacadas: “Laudamuco, Señor de Ningures” (1976), “Bailadela da morte ditosa” (1980), “A Casa dos Afogados” (de [Miguel Anxo Fernán-Vello](#)), “Rosalía” (de [Ramón Otero Pedrayo](#)) (1985), “Caprice des Dieux” (1985), “Anxeliños. Comedia Satánica” (1996), “La Lengua de las Mariposas” (1999), “Mar Revolto” (2001).
- Obras escritas destacadas: “Laudamuco, Señor de Ningures” (1976), “Bailadela da morte ditosa” (1980), “Agasallo de Sombras” (1992), “Días sen Gloria” (1992), “Saxo Tenor” (1993), “As Actas Escuras” (1994), “Rastros” (1998).
- Falece en Santiago de Compostela no ano 2002.

Este traballo foi elaborado polo “Equipo de Dinamización da Lingua Galega” do CEP Salustiano Rey Eiras da Pobra do Caramiñal.

Dito equipo esta composto polos seguintes integrantes:

- **Alvarez Vidal, Rosalía**
- **Ayaso Monteagudo, M^a Angela**
- **Crujeiras Fernández, Diana**
- **Dios Fernández, M^a Carmen**
- **Gasamáns Miramontes, M^a Isabel**
- **Hermo Santos, Genoveva**
- **López Losada, M^a Luisa**
- **Martínez Somoza, M^a Daniela**
- **Rocho Piniella, M^a Covadonga**
- **Romero Fernández, Sara**
- **Santamaria, Oliveira, Susana**
- **Urizar Rodríguez, Estibaliz**

